

Xesús Carro García

CARRO GARCÍA, Xesús. Naceu o 24 de decembro de 1884 en Santiago de Compostela (A Coruña), onde faleceu o 8 de decembro de 1973. Ós doce anos ingresou na Universidade Pontificia compostelá e ordenouse presbítero en 1909. Só exerceu, como eclesiástico, nalgunhas parroquias santiaguesas, xa que se interesou dende moi novo pola arqueoloxía. Designado en 1916 secretario da sección de historia e arqueoloxía galegas da Sociedad de Amigos del País, pronunciou na Coruña (1923) a conferencia "La orfebrería prerromana en Galicia y el tesoro de Castro Recouso", coa que comezou os seus estudos sobre arqueoloxía prehistórica e protohistórica. Membro correspondente da Real Academia Galega (1925) e encargado da Sección de Arqueoloxía e Historia da Arte no Seminario de Estudos Galegos (1928), participou no equipo de *A terra de Melide*, obra colectiva na que se encargou da arqueoloxía relixiosa. A Xunta Superior de Ampliación de Estudos concedeulle unha pensión para perfeccionar os seus coñecementos nos museos de arte de Francia, Inglaterra e Alemaña (1928-31). Ó seu regreso promoveu unha campaña en favor do turismo, que cristalizou na apertura dunha oficina e dun padroado de turismo en Compostela. En 1935 nomeárono membro correspondente do Instituto Español de Estudos Medievais, dirixido por Menéndez Pidal, pola súa contribución ó coñecemento da historia de Galicia. Pouco despois ingresou como académico numerario na Real Academia Galega e correspondente da Academia da Historia. Ó constituírse o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (1944) ocupou a xefatura da Sección de Estudos Composteláns e da Peregrinación. O Museo de Belas Artes da Coruña designouno


vocal adxunto do seu padroado (1940) e a Academia de Belas Artes de San Fernando recibíuno (en substitución do escultor Asorey) como académico correspondente (1961). Foi cabaleiro da orde de Afonso X o Sabio (1965), estivo en posesión da Medalla de Ouro ó mérito cultural e foi fillo predilecto de Santiago.

A maioría dos seus traballos, así como as súas conferencias e charlas, entre as que destacan as emitidas pola BBC de Londres (1943-54), refírense a distintos aspectos da cultura compostelá. Colaborou tamén en documentais e películas sobre Santiago: fixo os guións para unhas curtametraxes dirixidas por Ana Mariscal e escribiu o texto da película *Chemins de Compostelle*, estreada en París en 1953. Publicou *Las catedrales gallegas* (Bos Aires, 1950), *Estudios jacobeos* (Santiago de Compostela, 1954) e *A pelengrinaxe ao Xacobe de Galicia* (Vigo, 1965). Colaborou con K.J. Conant na obra *The early architectural history of the cathedral of Santiago de Compostela* (Harvard, 1926) e preparou as edicións, con W.M. Whitehill e o padre Germán Prado, do *Codex Calixtinus* e da *Crónica de Santa María de Iria*, manuscrito galego do século XV. Publicou tamén numerosos artigos na prensa e en revistas como *Nós* ou *Boletín da Real Academia Galega*.

CARRO IGELMO, Alberto José. Nacido na Coruña o 19 de setembro de 1928, cursou estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, onde se licenciou en 1951. Doutorouse en 1954 pola Universidade de Madrid, coa tese *El concepto de accidente de trabajo en el Derecho español*. Ó mesmo tempo cursou os estudos de Graduado Social na Escola Social de Santiago e colaborou na emisora Radio Galicia cunha sección de crítica teatral e cinematográfica. Foi profesor do curso de Dereito da universidade compostelá e profesor da súa escola social, antes de ingresar por oposición, en 1955, no corpo de secretarios técnicos sindicais. Trasládouse a Barcelona, onde desempeñou tamén a cátedra de Historia Social do Traballo na escola social e desenvolveu un intenso labor de publicista sobre temas sociais, laborais e sindicais. Foi, ademais, secretario xeral da Union Internationale des Miroitiers-Vitriers.

Colaborou en revistas xurídico-sociais e publicou varios libros, entre os que destacan *El despido justo* (1957), *Convenios colectivos sindicales* (1958), *Unidad sindical* (1964), *Historia social del trabajo* (1971), *Introducción al sindicalismo* (1971), *El despido disciplinario* (1984) e *Curso del derecho del trabajo* (2ª ed., 1991). Está en posesión da Cruz de Cabaleiro da orde de Cisneros (1964) e da encomenda da orde civil de Afonso X o Sabio (1967).

CARRO MARTÍNEZ, Antonio. Nacido en Lugo o 3 de maio de 1923, licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela e doutorouse na Complutense de Madrid, onde tamén rematou os estudos de Ciencias Políticas e Económicas. Ingresou, por oposición, en varios corpos da Función Pública: técnico de Administración Civil, secretario de Administración Local, profesor de Dereito e Ciencias Políticas na Universidade de Madrid e letrado do Consello do Estado. Como político, foi procurador nas Cortes franquistas, desempeñou os cargos de secretario xeral técnico do Ministerio da Gobernación, director xeral do Instituto de Estudos de Administración Local e director xeral de Administración Local. En xaneiro de 1974, con Arias Navarro, nomeárono ministro da Presidencia do Goberno, cargo que ocupou ata o 12 de decembro de 1975. Posteriormente, foi deputado de Alianza Popular, pola provincia de Lugo, nas catro primeiras lexislaturas da democracia (1977-89).



Antonio Carro Martínez

Foi presidente do consello rector do *Boletín Oficial del Estado*, fundador e director da revista *Documentación Administrativa* e membro do consello de redacción de *Administración Pública* e *Dereito Urbanístico*. Membro do Instituto de Estudos Políticos, do Instituto Internacional de Ciencias Administrativas e da Asociación Española de Ciencia Política, forma parte do padroado da Fundación Cultural Milicia Universitaria, presidiu o Consello de Administración do Patrimonio Nacional e é autor de numerosos artigos en revistas especializadas e de varios libros. Destacan *Constitución española de 1869* (1952), *Intro-*

GRAN ENCICLOPEDIA
GALEGA
SILVERIO CAÑADA

TOMO VIII

CARBE - CASTRE